



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/05/2009 16:30  
Nº Rexistro: 00871  
Data envío: 13/05/2009 16:25:46.224


## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo, Ana Luisa Bouza Santiago e Alfredo Suárez Canal**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita, relativa á posición da Consellaría de Sanidade ante as demandas de traballadores e traballadoras do Hospital da Barbanza de crear a categoría laboral de celador/a.

O Decreto 91/2007, do 26 de Abril, de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellaría de Sanidade, supuxo a equiparación do persoal das fundacións sanitarias ao persoal estatutario.

Segundo este decreto, establececese que ““Así mesmo, a homologación deberase producir nas condicións de traballo do réxime estatutario, de forma que os traballadores pasarán a participar dos dereitos e deberes do persoal estatutario en condicións de homoxeneidade para que o dereito de opción de integración sexa real e efectivo no eido estatutario, tendendo a evitar as discriminacións derivadas da existencia de réximes xurídicos distintos, eludindo a concorrencia de privilexios ou prexuízos pola pertenza a un ou a outro réxime xurídico””.

Atendendo a este precepto existe unha demanda de traballadores e traballadoras deste hospital para que se cree a categoría profesional de celador, a fin de equiparar o funcionamento e condicións laborais en todos os centros hospitalarios, e sen prexuízo de que isto supoña unha redución do cadro de persoal noutras categorías.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/05/2009 16:30  
Nº Rexistro: 00871  
Data envío: 13/05/2009 16:25:46.224

Polo dito, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.<sup>a</sup>) Que valoración ten a Consellaría de Sanidade sobre a problemática á que fai mención esta pregunta?

2.<sup>a</sup>) Ten previsto a Consellaría de Sanidade crear a categoría de celador no Hospital da Barbanza?

3.<sup>a</sup>) En caso afirmativo, en que prazos prevé levalo adiante? Suporá este feito unha redución do persoal noutras categorías?

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2009.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Ana Luisa Bouza Santiago

Alfredo Suárez Canal

Deputadas e deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 13/05/2009 16:24:33**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 13/05/2009 16:24:38**

**Alfredo Suárez Canal na data 13/05/2009 16:24:43**